

XIV FESTIVAL ARTES POLA INTEGRACIÓN

2025
19 ao 21/09
A CORUÑA /
SANTIAGO

Mercedes Peón

Teatro
de lo
Invisible

Experimentadanza

Mónica de Nut

Mikel Aristegui

Alma García

DJ Pascal
Kleiman



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE CULTURA

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE
ARTES ESCENICAS Y DE LA MUSICA



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

GADIS



Deputación
DA CORUÑA



IMCE
INSTITUTO MUNICIPAL DE
CINEMA E ESPECTACULOS



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA

XIV FESTIVAL ARTES POLA INTEGRACIÓN

19 ao 21 de setembro - 2025 - A Coruña / Santiago

**VENRES 19
DE SETEMBRO**

COLECTIVO DIVERSOS
Espectáculo de danza
comunitaria:
Tempo de soñar 17.00 H
Praza das Conchiñas
A Coruña

Espectáculo de danza-teatro inclusivo que ten coma temática a violencia de xénero e as diferentes formas de abusos. As/os protagonistas falan das súas propias historias e experiencias en primeira persoa. Protagonizado por 10 persoas con e sen diversidade dá unha visión esperanzadora sobre a posibilidade de volver crer no amor.



TEATRO DE LOS INVISIBLES
Contención mecánica
20:30 H
Forum Metropolitano
A CORUNA

Unha obra de teatro documento que denuncia a violencia psiquiátrica, poñendo o foco nunha práctica que segue sendo habitual no noso país e que a ONU catalogou como tortura en 2013. A contención mecánica, é dicir, atar a persoas á cama facendo uso de correas.

**SÁBADO 20
DE SETEMBRO**

ASEMBLEA DIVERSA
11:00-13:30 H

Santiago de Compostela. Librería SanPabloCeU. Xornada de pensamento sobre a importancia das Artes coma transformación social, convidaremos a 6 relatores do sector para compartir as súas experiencias con profesionais, creadores e alumnos de artes inclusivas.

MERCEDES PEÓN E MÓNICA DE NUT

Mostra en crudo Residencia
17:00 H
CSC Santa Marta
Santiago de Compostela

Na previa ao festival levará a cabo unha residencia de creación de música e voz no CGAC ou na fundación Granel para 10 artistas con e sen discapacidade e mostrárase o traballo final resultado deste tempo de creación.



EXPERIMENTADANZA

Na búsqueda de Aire. 18:00 H
CSC Santa Marta
Santiago de Compostela

Peza de danza contemporánea que trata a necesidade de atopar o aire que podemos perder por diferentes situacións da nosa vida; a perda dun amor, unha enfermidade ou, simplemente, a necesidade de facer un cambio na túa vida.

MIKEL ARISTEGUI
As Vodas de Fígaro. O afiadador
19:00 H
CSC Santa Marta
Santiago de Compostela

Proxecto multidisciplinar comunitario que reunirá a catro grupos moi diferentes e interxeracionais, en forma de libreto operístico, dunha peza de danza-teatro con música e vestuario reciclado.



PASCAL KLEIMAN
CONCERTO
20:00H

CSC Santa Marta
Santiago de Compostela

Nado sen brazos nin mans debido a Distilbene é coñecido por moitos coma Pésde Ouro, "O Pascal asombroso". Toca unha mestura de música electrónica ambiental, dub progresiva e psicodélico de artistas de todo o mundo.

**DOMINGO 21
DE SETEMBRO**
Inauguración da Exposición
A Mocidade Crea

Praza das Conchiñas, A Coruña

Proxecto realizado en colaboración coa asociación **Sacra Experience** dentro do seu proxecto de artes e deseño en contornos rurais, **A pequena Bauhaus** que, tras dous anos de talleres e formación en creación con mocidade, dá lugar a unha exposición na que se recollen catro anos de traballo

**CONCURSO DE PEZAS PARA A
COMUNIDADE**

De 12:00 a 14:00 H
Praza das Conchiñas.
A Coruña

Convocatoria aberta para creadores cun mínimo de dous e un máximo de catro intérpretes de danza, música e/o teatro. Un xurado seleccionará tres pezas que recibirán 500 euros. Para o concurso seleccionáranse un máximo de 10 pezas e tres delas serán gañadoras. Más info en: <https://www.artespolaintegracion.gal>

ALMA GARCÍA
Seguir sendo niños 18.00 H
Praza das Conchiñas.
A CORUNA

Protagonizado por nenos entre 10 e 14 anos, tras unha residencia de produción en Pincelo, mergúllanos no imaxinario dos protagonistas, nas súas preocupacións, medos e intereses e, sobre todo, na súa necesidade de seguir sendo nenos.

* * * * *

**ENTRADA
GRATUITA**

